

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

Xeografía e Historia como disciplina escolar ten como principal papel profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

En ambas as dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, através de toda a ESO mediante conceptos que consideramos nucleares: o tempo histórico, o espazo e os recursos. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Deste xeito, entendemos a Xeografía e Historia non coma unha narración anecdótica, descritiva ou unha clasificación estereotipada dos rasgos do medio natural e das sociedades pasadas; senón coma unha disciplina explicativa e interpretada, é dicir, un discurso que analiza e interpreta as claves dos procesos e os fenómenos xeográficos e históricos.

Neste senso, o cuarto curso da ESO, como nivel finalista para toda a etapa, debe recoller gran parte dos contidos e criterios abordados con anterioridade, sobre todo aqueles relacionados co Desenvolvemento Sostible -non tanto na súa faceta ecolóxica, senón máis ben no seu papel político e socioeconómico-, o papel do feminismo e os movementos sociais de cuarta xeración e a conformación das sociedades actuais globalizadas e postindustriais.

Aspectos que afectan tanto á historia como ciencia social que estuda o presente, como á xeografía humana e as súas principais preocupacións en canto ás consecuencias das relacións entre o medio físico, os recursos e a humanidade e que ao cabo conforman os grandes espazos rexionais do planeta e que ven afectados por similares problemáticas e conflitos que vivimos hoxe en día.

No aspecto puramente histórico abórdanse os séculos XIX, XX e XXI, desde as bases históricas da dobre revolución -política e económica- protagonizada polos Estados Contemporáneos ata a conformación da sociedade de clases e a súa evolución e caracterización ata o presente. Todo iso en referencia a un longo camiño balizado de procesos dramáticos, como o Imperialismo, o período de entreguerras ou a Guerra Fría, que veñen a interaccionar nunha realidade política e social cada vez máis plural e complexa.

Tamén, valórase a conformación dos procesos democráticos no mundo e en especial en España e Galicia, así como a conformación das distintas identidades individuais, sociais, colectivas e territoriais, que son resultado dos distintos avatares do pasado e os seus protagonistas. Un resultado, aínda aberto e mellorable condicionado polas decisións que o alumnado pode exercer no futuro como cidadáns dun mundo comprometido.

Por último, pero non menos importante, inclúense contidos artísticos e culturais que pretenden exemplificar, polo menos no básico, desde a arte moderna e postmoderno ata as plurais manifestacións actuais. Deberemos explicar non só a evolución formal senón tamén entender a arte contemporánea como unha linguaxe nova, rupturista e comprometida, resultado dos procesos artísticos previos e (des)conectado co noso presente.

En definitiva, o alumno de cuarto curso comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Século XIX. Tempo de revolución	<p>Este primeiro bloque parte do concepto dobre revolución: política e económica. Estas foron os motores principais do século XIX, configurando unha sociedade de clases que substituíu á sociedade estamental. O colofón cultural foi definido pola sociedade burguesa e o Capitalismo, co Realismo como ponte ás novas expresións artísticas como o Impresionismo e o PostImpresionismo.</p> <p>Veremos como en España, o proceso de formación do Estado Liberal foi lento e complexo, retardando a consecución dos dereitos sociais e laborais, especialmente en Galicia. O século foi testemuña da evolución cultural española, desde o Rexionalismo ata o fortalecemento do Nacionalismo, especialmente no caso galego</p> <p>Finalizaremos coas relacións internacionais</p>	25	34	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Século XIX. Tempo de revolución	deste período conduciran á Era do Imperialismo, coa competición polo mundo extraeuropeo, o Colonialismo e os conflitos que precederon á Primeira Guerra Mundial.	25	34	X		
2	O curto século XX. Da I Guerra Mundial á caída do muro de Berlín	<p>No segundo bloque centrarémonos no denominado polo historiador Eric Hobsbawm curto século XX, un período marcado por conflitos e cambios profundos en Europa e España. A Iª Guerra Mundial e a Revolución Rusa foron eventos chave, marcando relacións internacionais e precedendo a IIª Guerra Mundial.</p> <p>Traballaremos o período de entreguerras, co ascenso dos totalitarismos, a crise económica do 29 e a loita polos dereitos individuais e colectivos, especialmente das mulleres. En España, desde a Crise da Restauración á IIª República e a Guerra Civil, observouse a evolución e adaptación do sistema democrático. A Ditadura Franquista frenou este proceso e marcou España, traendo represión e experiencias traumáticas tras a Guerra Civil. A memoria democrática foi crucial na reconstrución social e política de España.</p>	35	36		X	X
3	Mundo actual	<p>Neste último bloque, analizamos as accións das potencias globais para promover un mundo seguro e sostible. Exploramos avances científicos e tecnolóxicos, enfatizando a ética, e a complexidade da globalización, Internet e redes sociais.</p> <p>Traballaremos os movementos sociais do século XXI como o feminismo, os dereitos LGTBI+, o ecoloxismo, pacifismo e participación cidadá son clave. Reflectimos sobre igualdade de xénero, eliminación de discriminación e dereitos das minorías.</p> <p>Deterémonos na Transición española tras a Ditadura, analizamos a democracia, o estado do benestar e o papel de España na UE, valorando o europeísmo e programas educativos europeos.</p> <p>E visualizaremos a arte e cultura modernas, desde vangardas ao posmodernismo, así como a expresión artística actual en España e Galicia, destacan nesta etapa. Valorizamos o patrimonio e a diversidade cultural, fomentando o respecto e a conservación destes recursos.</p>	40	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Século XIX. Tempo de revolución	34

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Realiza un produto orixinal como resultado dunha investigación sobre problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	TI	100
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Identifica, analiza e interpreta correctamente diferentes fontes textuais e gráficas sobre a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Define o proceso de dobre revolución e explica a crise e deterioro do Antigo Réximde. Explica os principais cambios sociais, político e económicos resultantes do proceso revolucionario		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Expón con corrección información sobre o papel das mulleres nos procesos de cambio deste período histórico.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Identifica e relaciona os principais feitos e procesos da revolución burguesa, industrial, proceso de expansión imperial e IGMI. Emprega con corrección termos e conceptos históricos relacionados cos feitos históricos.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É quen de identificar os distintos réximes políticos e formas de goberno estudados neste período, relaciónándoos cos cambios nos dereitos dos cidadáns e cidadás.		
CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Coñece a través de proxectos os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica trazos económicos, sociais e culturais do século XIX e é capaz de relacionalos coa defensa dos dereitos das mulleres e doutros colectivos discriminados.		
CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É quen de identificar os cambios sociais neste período, relaciónándoos cos cambios nos dereitos dos cidadáns e cidadás.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Coñece a través de proxectos os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade

Contidos

- contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia.
- A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego.
- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementsos artísticos do século XIX en España e Galicia.
- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.
- Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo.
- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.
- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

UD	Título da UD	Duración
2	O curto século XX. Da I Guerra Mundial á caída do muro de Berlín	36

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Realiza un produto orixinal como resultado dunha investigación sobre problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Identifica, analiza e interpreta correctamente diferentes fontes textuais e gráficas sobre a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.2 - transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Expón con corrección información sobre o papel das mulleres nos procesos de cambio deste período histórico.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica a pegada de xénero en relación cos procesos históricos traballados, sendo quen de argumentar a importancia do sentido cívico e recoñecemento da muller en accións relacionadas con ambos fenómenos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É quen de identificar os cambios sociais neste período, relacioándooos cos cambios nos dereitos dos cidadáns e cidadás.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Coñece a través de proxectos os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea. - A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego. - As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco. - A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española. - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos. - Conflitos e violencias no período de entreguerras: orixe, desenvolvemento e consecuencias directas da Segunda Guerra Mundial. Estudo crítico e comparativo. O holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos. - A acción dos movementos feministas e sufragistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade. - Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas. - As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

UD	Título da UD	Duración
3	Mundo actual	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Realiza un produto orixinal como resultado dunha investigación sobre problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	TI	100
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Identifica, analiza e interpreta correctamente diferentes fontes textuais e gráficas sobre a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea.		
CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Identifica a pegada de xénero en relación cos procesos históricos traballados, sendo quen de argumentar a importancia do sentido cívico e recoñecemento da muller en accións relacionadas con ambos fenómenos.		
CA1.4 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica a pegada de xénero en relación cos procesos históricos traballados, sendo quen de argumentar a importancia do sentido cívico e recoñecemento da muller en accións relacionadas con ambos fenómenos.		
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identifica, analiza e interpreta correctamente diferentes fontes textuais e gráficas (noticias, mapas e gráficos) sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Expón con corrección información sobre o papel das mulleres nos procesos de cambio deste período histórico.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	É quen de analizar algúns conflitos internacionais a partir da lectura de fontes gráficas diversas e identifica aspectos relevantes sobre o desenrolo. Define e identifica diversas causas do subdesenrolo, así como os novos retos da pobreza e é quen de relacionalo coa economía global.		
CA2.6 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identifica, analiza e interpreta correctamente diferentes fontes textuais e gráficas (noticias, mapas e gráficos) sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.8 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais.	É quen de identificar os cambios sociais neste período, relacioándooos cos cambios nos dereitos dos cidadáns e cidadás.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.9 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.</p>	<p>Analiza a relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual.</p>		
<p>CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.</p>	<p>Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.</p>		
<p>CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Identifica a pegada de xénero en relación cos procesos históricos traballados, sendo quen de argumentar a importancia do sentido cívico e recoñecemento da muller en accións relacionadas con ambos fenómenos.</p>		
<p>CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>	<p>Coñece a través de proxectos os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>		
<p>CA3.6 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.</p>	<p>Explica a incidencia da globalización na economía mundial, facendo observacións sobre aspectos como as formas de distribución e xestión do traballo ou os usos da tecnoloxía.</p>		
<p>CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.</p>	<p>Coñece as iniciativas da sociedade civil especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Realiza correctamente a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio, sendo quen de determinar cal dos ODS se deben cumprir ao respecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea. - Os fundamentos xeoestratégicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais. - O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa. - As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era de Internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. - A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado. - A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España. - A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente e recoñecemento e reparación das vítimas da violencia. - Os fundamentos xeoestratégicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade. - Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia. - Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. - Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información. - Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo. - Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.

Contidos

- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.
- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.
- Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado. Deste xeito, poden detectarse os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, no seu caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e interacción entre eles. Logo coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

Doutro lado, cómpre subliñar que o decreto galego fomenta a aprendizaxe en competencias conforme ao disposto na Orde ECD/65/2015, que no anexo II establece orientacións para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias baseadas en estratexias metodolóxicas activas e contextualizadas. As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo comezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares. Quixemos incorporar no noso proxecto de departamento algunhas delas como: o Portfolio, a Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP), a potenciación do uso das NTICs ou a elaboración de estratexias coordinadas entre docentes de distintas especialidades dentro dalgún proxecto interdisciplinar.

Na contorna de metodoloxías que priman a actividade do alumnado destaca, sobre todas elas, a Aprendizaxe Baseada en proxectos (ABP), tamén PBL, Problem/Project Based Learning. Estamos a referirnos a unha estratexia metodolóxica na que se organiza aos estudantes en grupos cooperativos para que desenvolvan proxectos ou resolvan problemas baseados en situacións reais. Unha metodoloxía que, apoiándose no traballo cooperativo, a procura de información e a presentación e difusión dos traballos elaborados, pon o foco no alumnado, ao cal se lle concede autonomía e capacidade de decisión, situando ao docente no lugar de guía e acompañante na aprendizaxe.

Neste novo marco metodolóxico, a ABP sitúase como un instrumento pedagóxico relevante, permitindo ao alumnado entender que os contidos das materias de ciencias sociais non son contidos pechados, nin listaxes de acontecementos ou de localizacións incluídos nos plans de estudo para memorizalos. Os contidos das nosas materias pódense descubrir, serven para dar respostas a interrogantes e problemas, explican fenómenos, facilítannos a comprensión da nosa contorna e impúlsannos a propoñer alternativas. Máis aínda, o traballo por proxectos axuda a pensar que os coñecementos que achegan a historia, a xeografía e arte contribúen a formar persoas que sintan curiosidade por entender de maneira crítica a realidade na que viven.

A través da ABP abórdase dunha maneira eficaz o desenvolvemento de competencias no alumnado. Ademais da competencia cidadá (CC), trabállase a competencia dixital (CD), posto que a procura de datos require coñecer formas de indagar información na internet; e tamén porque as formas de presentación da información que se traballaron implican o coñecemento de diversos soportes. Así mesmo, a ABP favorece as dúas competencias máis complexas de desenvolver: a de aprender a aprender (CPSAA) e a de autonomía e iniciativa persoal (CE).

En Ciencias Sociais temos unha gran vantaxe respecto doutras materias á hora de implementar este tipo de metodoloxías: os contidos que impartimos tentan axudar a comprender a realidade social, e esta non só pode resultar motivadora en si mesma, senón que ademais permite analizar o presente e que os rapaces se formulen preguntas sobre o pasado. Expor un proxecto supón abordar unha temática a través de interrogantes que poidan motivar ao alumnado.

- En primeiro lugar, hai que atopar unha temática motivadora, ou ben elixir unha temática e presentala de maneira motivadora. Unha noticia de prensa podería servir de detonante, aínda que hai discusión respecto disto entre os especialistas: algúns autores/as sinalan que a elección do tema debe ser inducida polo docente, mentres que outros/as consideran que nese caso deixaríase de ser unha aprendizaxe por proxectos e sosteñen que a elección debería ser totalmente libre. Na nosa opinión, cremos que habería que considerar a posibilidade de que o docente incite e motive cara a unha temática concreta, porque se trata de desenvolver o currículo, e o acomodo dos contidos e competencias a este é básico.
- Un aspecto central desta experiencia educativa é decidir cal vai ser o produto final: organizar unha campaña publicitaria, crear unha web, asinar un vídeo, montar unha exposición..., todo dependerá do nivel educativo. O produto debe ser de calidade, pero o máis importante é o proceso que leva á súa elaboración. É entón cando os alumnos elixen que aspectos queren traballar. Neste momento acórdase como e que se vai a avaliar, tanto a actividade no grupo como a individual. A elaboración dunha rúbrica pode facilitar e aclarar ante todos a tarefa.
- Despois acórdase o plan de traballo e que tarefas desenvólvense en cada sesión, así como a procura de información, a súa recompilación e a estrutura para a súa presentación. Así mesmo, tamén debe limitarse temporalmente o proxecto.
- A continuación, organízanse as exposicións de cada grupo, cuxas presentacións poden apoiarse en murais, ou en wikis ou blogues, para que os demais grupos poidan elaborar unha síntese. É o momento de acordar como se fai o traballo conxunto final e que responsabilidades adquire cada participante. Por último, ten lugar a súa presentación

pública: ao resto do colexio, ás familias, ao concello, a unha ONG que se ocupa da nosa temática... Isto é importante, pero o é tanto como o proceso que se seguiu para o seu desenvolvemento e as aprendizaxes que xerou.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material interactivo elaborado pola persoa docente
Apuntamentos da materia elaborados pola persoa docente
Aula Virtual da materia
Ferramentas, recursos dixitais e material audiovisual
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado (portfolio)
Libros de texto como material de consulta
Novelas históricas, novelas gráficas, comics...
Prensa
Cine, documentais

Hoxe en día se conta cunha grande diversidade de recursos para empregarse na aula e que o docente pode ir intercambiando adaptándoos a cada momento ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un material de apoio ao profesorado e ao alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, debe considerarse máis ben unha guía de traballo pois non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía. Polo tanto, o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e ben presentado. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

Os libros de texto seguen a ser un importante apoio para o profesorado e para o alumnado como material de consulta, aclaratorio ou complementario. Nesta caso, os libros de texto da materia extraeranse do banco de recursos do centro ou da biblioteca. Ademais, consideramos que estes non deben determinar a función da persoa docente nin a súa metodoloxía, así o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Empregaranse de xeito prioritario os materiais elaborados pola persoa docente, mellor acomodados ás oportunidades que se presentan na aula, a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite á persoa docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado, ademais de incluír numerosos recursos e ferramentas dixitais.

As novelas históricas, entre outros libros de lectura, adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa -ou xogos interactivos- de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación (TAC) son necesarias, pois ofrecen moitas vantaxes. Con todo, a persoa docente será selectiva no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

É importante subliñar que o alumnado requerirá dun caderno de traballo ou portfolio onde plasmará as tarefas de

xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo de cada estudante e do seu progreso.

O portfolio é un instrumento para o desenvolvemento e avaliación educativa, que consiste na achega de producións de diferente índole por parte do estudante a través das cales se poden xulgar os seus logros ou resultados de aprendizaxe no marco do desenvolvemento dunha materia de estudo. Consiste na recompilación e selección persoal de materiais escolares, de todos os documentos xerados no proceso educativo como son: exercicios corrixidos, esquemas, resumos, anotacións, pero tamén reflexións ou valoracións sobre contidos, memorias facilitadas polo docente, traballos realizados polo estudante e revisados polo docente, exames, corrección e/ou rúbricas de exames... nunha organización e elaboración autónoma, reveladora por iso da súa aprendizaxe, onde poderemos apreciar carencias e virtudes que habitualmente escápanse na aula.

O portfolio do estudante debe contemplar, polo tanto, todas e cada unha das actividades que realizan no transcurso do curso académico, traballos de clase, lecturas comprensivas, actividades adicionais como exames escritos e todo tipo de material que tanto profesorado como alumnado agreguen para a comprensión de contidos. Estes elementos permitirán xulgar os logros da aprendizaxe por parte dos estudantes nas nosas materias de estudo.

O departamento de Xeografía e Historia propón a elaboración, en paralelo co caderno de traballo do estudante, do portfolio virtual a través de Abalar Box e Agueiro.

Inicialmente capacitaremos aos estudantes sobre a creación do portfolio virtual en Abalar Box e Agueiro, explicando o seu funcionamento e principais prestacións, para a continuación explicar a súa organización:

- Cartafol do alumno ou alumna: nome completo e curso.
- Cartafol de tarefas: neste directorio estarán todas as tarefas enviadas aos estudantes no transcurso do curso.
- Cartafol de material didáctico: material utilizado polo alumnado na consecución de tarefas e asimilación de contidos da materia.
- Cartafol de prácticas na clase: recóllense todas as actividades realizadas e material de estudo en orde cronolóxica e en subcarpetas por unidades didácticas.
- Cartafol de información: Información formal da materia como a presentación, índice de contidos, instrumentos de avaliación.
- O portfolio do estudante será avaliado, seguindo as pautas de valoración que expoñemos no apartado de avaliación da presente programación. Este proceso realízase dunha forma áxil e precisa, xa que o estudante unicamente debe compartir o seu portfolio virtual á conta do docente, que terá acceso total ao directorio do estudante e poderá revisar dunha maneira adecuada cada unha das actividades realizadas polos estudantes no transcurso do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Esta proba servirá para promover a autoconciencia do estudante acerca de que (non) sabe, que se dispón a estudar, e de que aspectos que xa coñece lle van a servir para aprehendelo. Dita avaliación inicial consistirá tarefas de diferente índole. Pode consistir nunha actividade formal ou un discurso interactivo, que deberá ter como eixe vertebrador as Competencias Clave (CC), así como os coñecementos nucleares e as destrezas instrumentais básicas da materia - máis que baseada en contidos ou conceptos básicos de cada curso-, non só pola súa pertinencia didáctica, senón tamén para que o alumnado comprenda e acepte a necesidade do adestramento en determinado tipo de actividades que lle axudarán a mellorar os seus coñecementos e destrezas (comprensión lectora, comunicación eficaz, selección e tratamento da información a partir de fontes textuais, gráficas e audiovisuais, pensamento crítico, etc).

Así mesmo, poderanse incluír ao comezo de cada tema tarefas que poidan ofrecer información diagnose a respecto dos coñecementos previos do alumnado. Unha das vantaxes da avaliación diagnose deste tipo é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara os temas que se van traballar, permitindo así para cada unidade concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Outro aspecto importante destas probas diagnose é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os/as estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación.

Por último, puntualizar que ditas tarefas ou probas iniciais poden ser valoradas numericamente, o mesmo que calquera outra actividade da unidade, formando parte así do computo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establece-se segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda, establece-se unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda, os instrumentos de avaliación réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

Ao tratarse dunha avaliación continua, a cualificación final resultará da media das tres avaliacións parciais, matizando a ponderación diferente en cada unha pola distribución crecente do seu peso ao longo do curso, nunha progresión de 25% na 1ª avaliación, 35% na 2ª avaliación e 40% na terceira avaliación e avaliación final.

O cuarto curso da ESO distribúe os C.A. en 3 U.D. En cada unidade didáctica estableceuse o peso que se lle outorga a cada Criterio de Avaliación (C.A.) resultando que:

- a proba competencial, que poderá ser unha ou varias por avaliación e poderá ter un formato escrito, telemática ou en forma de proxecto, suma o 40% da nota total da unidade didáctica (40 puntos de 100).
- as probas de contidos, que poderán ser dúas ou tres por avaliacións, suman un 30% da nota total da unidade didáctica (30 puntos de 100).
- e a dinámica de aprendizaxe do alumnado, que inclúe un ou dous comentarios históricos e por avaliacións, as tarefas elaboradas na aula, proxectos, valoración do portfolio, etc. suma outro 30% da nota total da unidade didáctica (30 puntos de 100).

O novo marco lexislativo, na que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliacións da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece a obrigatoriedade de considerar o grao de dominio das competencias do alumnado tanto na avaliación continua como nas avaliacións finais de cada etapa educativa. Esta debe estar integrada coa avaliación do contido, pois ser competente supón «mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora». Á súa vez, ábrese a posibilidade de medir os niveis de desempeño das competencias a través de indicadores de logro, tales como rubricas ou escalas de avaliación. Neste senso, ao incluír na práctica de aula unha maior variedade de instrumentos de avaliación que a que ofrece esta plataforma no momento presente, todos os C.A. incorporan como instrumentos de avaliación as táboas de indicadores, que se usarán tanto para avaliar as probas competenciais, como as tarefas elaboradas polo alumnado, presentacións, os proxectos, o portfolio, entendendo este instrumento de forma ampla, dende listas de cotexo ou de verificación a rubricas, ambas fundamentadas nos descritores operativos das competencias.

As probas de carácter competencial terán como finalidade a demostración dos coñecementos e destrezas adquiridos a partir da identificación, análise e interpretación de diversas fontes, poñendo en práctica as competencias e metodoloxías propias das Ciencias Sociais. Atendendo á dimensión formativa e ética da materia, consideramos fundamental a aprendizaxe de pautas para a lectura e interpretación de fontes históricas, artísticas e xeográficas, así como a formación dun pensamento crítico propio. Basearase, por tanto, na adquisición dos coñecementos nucleares, das destrezas instrumentais básicas do ámbito e da materia, e das competencias clave.

- A/s proba/s global de cada avaliación incluírá os contidos impartidos dende o comezo do curso ata o momento de realización da mesma.
- Teranse en conta os mínimos exixibles e as aprendizaxes imprescindibles, seleccionados a partir dos criterios de avaliación da materia
- O/a estudante deberá acadar unha puntuación mínima de 1,4 puntos (35% da nota total da proba competencial)

para facer media nas avaliacións coas probas de contidos.

- Na cualificación das respostas das probas competenciais teranse en conta, entre outros, os descritores operativos das Competencias Clave correspondentes cos obxectivos a acadar, outorgando especial importancia á Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) e a Competencia Cidadá (CC).

Coas probas de contidos, atendendo á dimensión histórica da materia, pretendemos que o alumnado asimile os datos e feitos históricos básicos e os coñecementos nucleares propios de cada curso, que se avaliarán mediante probas escritas e/ou telemáticas de resposta curta e/ou tipo test, tanto de resposta simple como múltiple.

- Os contidos das probas serán seleccionados a partir dos criterios de avaliación, dando prioridade aos contidos mínimos exigibles.

- Respecto á cualificación das preguntas de tipo test ou de resposta curta, cada resposta errada restará a metade da puntuación asignada a cada unha das respostas correctas, mentres que as preguntas non contestadas non se puntuarán.

- O/a estudante deberá acadar unha cualificación mínima de 1,05 puntos (o 35% da nota total das probas de contidos) para facer media nas avaliacións coa proba global competencial.

- Dinámica de aprendizaxe do alumnado. Ao tratarse dunha avaliación continua, observarase e valorarase de forma moi especial o traballo continuo (día a día), téndoo en conta á hora de cualificar ao alumnado, dende o comezo do curso, en todas as avaliacións.

- Puntuaranse as actividades a realizar tanto na clase como aquelas propostas para a súa realización na casa, cun mínimo de catro revisións por avaliación. A/o docente deberá prever para cada unha destas actividades as destrezas e competencias que o alumnado porá en práctica en cada unha delas. A puntuación deste traballo diario leva implícita a valoración da participación activa do alumnado na aula cando as actividades ou postas en común así o requiran, así como o cumprimento coas datas propostas para a entrega das tarefas.

- Na puntuación da dinámica de traballo do alumnado contemplanse a progresión da aprendizaxe a través da cualificación dos seus desempeños a respecto dos indicadores de logro dos descritores operativos correspondentes ás Competencias Clave, especialmente a través da elaboración e entrega con carácter obrigatorio dun ou varios comentarios de historia e/ou de xeográfica en cada avaliación.

- Ligado a esta valoración da dinámica de traballo diaria do alumnado, poderase levar a cabo a revisión do seu caderno e/ou portfolio, co fin de comprobar o seguimento dos contidos, a súa corrección, a inclusión de anotacións significativas sobre información relevante aportada polo/a profesor/a de cara ás probas, os criterios de presentación que permitan un adecuado estudo ao alumno ou alumna; así como para detectar posibles dificultades que estean a interferir no seu proceso de aprendizaxe. Para acadar este obxectivo contémpnanse tarefas de autoavaliación e metacognición de xeito pautado que permitirán á persoa docente comprobar as correccións dos erros, mellora na asimilación dos contidos, así como a autonomía e responsabilidade coa súa propia aprendizaxe por parte do alumnado.

- Proxecto/s individuais ou colectivos. Durante as avaliacións poderase propoñer o desenvolvemento dun ou varios proxectos de investigación, recompilación ou interpretación, individual e/ou colaborativo. Cando estes proxectos se desenvolvan en grupo, será obxecto de avaliación, entre outros requisitos, o desempeño cooperativo do alumnado.

- Lectura de libro/s. Dentro das actividades a desenvolver por parte do alumnado, o profesor ou profesora da materia poderá propoñer a lectura dun ou varios libros, que será/n puntuado/s mediante a realización dunha proba específica -escrita, oral ou coa presentación dun proxecto- baseada na comprensión lectora do mesmo.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [(\text{Nota da proba/s competencial} \times 40) + (\text{Nota das probas de contidos} \times 30) + (\text{Nota tarefas da dinámica de aprendizaxe} \times 30)] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase ás cualificacións aprobadas, é dicir, que teñan como resultado 5 ou máis puntos, o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 6 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poder poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación. No caso de que a cualificación final da avaliación sexa menor de 5 puntos -é dicir, suspensa-non se redondearán os decimais para acadar o aprobado (por exemplo, se un alumno/a obtén como cualificación final un 4,75 non se redondeará a cifra para acadar o 5).

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota 1a aval.} \times 25) + (\text{Nota 2a aval.} \times 35) + (\text{Nota 3a aval.} \times 40)] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos

contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se poderán examinar todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Ao tratarse de avaliación continua o alumnado poderá recuperar os contidos e destrezas ao longo curso, a través das probas realizadas nas distintas avaliacións, que contan cunha ponderación progresiva ata acadar o 40% na 3ª avaliación.

A persoa docente poderá establecer diferentes medidas de reforzo para o alumnado que non acade o aprobado: realizará retroalimentacións formativas específicas, aconsellará a cada estudante sobre técnicas de estudo apropiadas ao seu estilo de aprendizaxe e necesidades e poderá atribuír tarefas de reforzo de realización exclusiva na aula coas escadas e guías pertinentes para o apoio á dinámica de aprendizaxe.

Non se establecerán diferenzas significativas entre o alumnado en funcións de si reciben ou non axuda pedagóxica fóra do horario lectivo, desbotándose, por tanto, as tradicionais fichas ou cadernos con tarefas de reforzo para entregar.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Formularanse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que a persoa docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar será elaborado pola persoa docente ou polo persoal de apoio na aula, co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.		X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.			X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tócate á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional, así como a educación a prol da igual, que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria		X	
Asistencia a conferencias ou ponencias científico-culturais.	Complementaria		X	
Viaxes científico-culturais de interese didáctico	Complementaria			X
Roteiros didácticos	Complementaria	X	X	X
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria	X		

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado debera coller datos e información.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia.
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Os criterios de cualificación foron axustados.
Metodoloxía empregada
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
É innovador/a
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Resolve dúbidas
Valora o esforzo
Realizouse a avaliación inicial
Clima de traballo na aula
Motiva ao alumnado
Sabe dirixir a clases

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rubricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía. Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados

1. 1. COÑECEMENTOS NUCLEARES: ESPAZO

O espazo. A comprensión e a representación do espazo no alumnado implica unha complexa tarefa de tipo interdisciplinar, posto que as relacións espaciais están presentes en diferentes áreas. Tendo en conta que os primeiros cursos de secundaria se caracterizan pola transición cara o pensamento abstracto, o alumnado estará en condicións de aprender o espazo concibido sen ter que contrastalo coa experiencia directa. Neste período, e sobre todo no primeiro ciclo da ESO -1.º, 2.º e 3.º curso-, o alumnado debe establecer relacións e xeneralizacións a partir de conceptos e representacións espaciais, co que deberá ser capaz de traballar con mapas de escala reducida e curvas de nivel.

2. 2. COÑECEMENTOS NUCLEARES: TEMPO

O tempo. No caso das ciencias sociais a noción de tempo é fundamentalmente histórica, sen embargo, non debe esquecerse que as categorías de tempo, xunto coas de espazo, constitúen o marco fundamental do pensamento humano. O feito de que os científicos aínda discutan acerca de que é o tempo e de cal é a súa orixe, subliña a complexidade que supón para os nosos estudantes a adquisición deste concepto. A adquisición da noción de tempo histórico é lenta e gradual. Durante as etapas de educación infantil e primaria o traballo para a adquisición de conceptos temporais debe partir da experiencia do propio neno. No inicio do ensino secundario consolidaremos o traballo con liñas do tempo -eixes cronolóxicos- e introduciremos algúns conceptos básicos relativos á medición convencional do tempo

3. 3. COÑECEMENTOS NUCLEARES: CAUSALIDADE

A causalidade. Con respecto á sucesión causal, a cuestión atópase intimamente ligada ao proceso de adquisición do concepto de causalidade e ás destrezas cognitivas que desenvolven a explicación causal. Se ben o alumnado aprende con relativa facilidade o feito de que as causas sempre preceden aos efectos, non lles resulta tan doado atribuír os feitos a máis dunha causa e que a partir deles poida haber máis dunha consecuencia. O desenvolvemento da causalidade, é dicir, da correcta comprensión das relacións de causa-efecto presenta un dos retos máis interesantes na aprendizaxe, no caso das ciencias sociais este concepto vai máis alá da causalidade histórica ao estar presente en todas as áreas das ciencias sociais: xeografía, antropoloxía, arte, economía...

4. 4. COÑECEMENTOS NUCLEARES: NOCIÓNS SOCIAIS

Nocións sociais. O estudo sobre o desenvolvemento das nocións sociais no noso alumnado ten, a pesar do seu interese, un curto percorrido, que impide unha conclusión global sobre o desenvolvemento destas nocións en xeral. Os campos de representación do mundo social que poden establecerse son diversos: funcionamento económico da sociedade, comprensión da orde política, comprensión e adopción dos papeis de xénero, comprensión do cambio social e da evolución das sociedades, a relixión como fenómeno social, o conflito, a guerra e a paz. Algunhas estratexias de consecución destas nocións pasarían pola participación activa na vida do centro, do barrio e da poboación, como unha das vías a través das cales os rapaces poden comprender o funcionamento da sociedade a través da experiencia.

5. 5. A VISIBILIDADE DAS MULLERES

As ciencias sociais deben contribuír á coeducación pola igualdade, tanto desvelando o sentido convencional do discurso sobre as mulleres, como reinsertando á muller -como suxeito histórico- no currículo. As nosas materias permítenos introducir dita cuestión desde diferentes vertentes: a/ reflexionando e debatendo sobre as condicións históricas e historiográficas da súa exclusión; b/ desmitificando a neutralidade do coñecemento científico -onde existen prexuízos-; e c/ convertendo en debate escolar a construción histórica sobre a idea de xenio -a autoría individual no campo da arte-, como paradigma que particularmente silencia ás mulleres, cuxa presenza histórica foi máis colectiva.